



**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

**Acta da reunión constitutiva da Xunta Directiva da Federación Galega de Tenis** celebrada de modo telemático o 21 de novembro de 2022 ás 21.30 horas en segunda convocatoria.

Asisten:

José Mosquera Casero

Gabriel Fernández Mourelle

Antía García Fernández

Diego Casas Rodríguez

Ana María Martínez Riveiro

Juan J. Medín Guyatt

María Berini Pita Da Veiga

Francisco Hernández Soto

Teresa Castro Jorreto

Omar Salgado Garrues

Tamara Aranda Núñez

Desculpan asistencia:

Simón Fariñas Ferro

José Ángel Carreira Montes

Asisten técnicamente ao Presidente e ao Secretario:

Marco A. Casal Costas

M.ª Jesús Fernández García

O presidente abre a sesión dando a benvida do novo período aos membros da Xunta Directiva 2022-2026 e, desculpa aos que non puideron asistir por motivos laborais.

### 1. **Aprobación da acta da última reunión.**

Aprobase a acta da última reunión por unanimidade dos membros que formaron parte da Xunta Directiva anterior

### 2. **Toma de posesión da executiva 2022/2026.**

Con motivo de cumprir a norma electoral e a comunicación á Secretaría Xeral para O Deporte da constitución da nova Xunta Directiva, faise esta reunión como toma de posesión dos cargos de membros da mesma, que queda da seguinte forma:

Presidente	José Mosquera Casero
Vicepresidente	Gabriel Fernández Mourelle
Tesoureira	Antía García Fernández
Secretario	Diego Casas Rodríguez
Vogais	María Berini Pita Da Veiga Juan J. Medín Guyatt Ana María Martínez Riveiro Francisco Hernández Soto Teresa Castro Jorreto Xosé Anxo Carreira Montes Tamara Aranda Núñez Omar Salgado Garrues Simón Fariñas Ferro Xosé Anxo Carreira Montes Tamara Aranda Núñez Omar Salgado Garrues Simón Fariñas Ferro



**FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS**

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



### **3. Informe Presidente sobre torneos internacionais e lineas básicas presuposto.**

Toma a palabra José Mosquera e resume as competicións internacionais prevista para o ano 2023. Aos xa coñecidos ITF Junior de Sanxenxo e Vigo, TE Cadete de Sanxenxo, WTA de Ourense e Vigo, os ITF Senior de A Tobeira, Real Aero Club Santiago, CCD Sanxenxo e Real Club de Tenis Coruña, sumaranse dous novos torneos moi importantes, un 25000\$ (homes) en CCD Sanxenxo e un 80000\$ (homes) a organizarse entre Norte de Portugal e Sur de Galicia.

Gabriel Fernández expón ante os asistentes o apertado do calendario internacional, destacando o papel que ten España no calendario mundial coa celebración de números torneos destas categorías, sendo o país que mais torneos internacionais organiza de todo o mundo.

Paco Hernández, suxire o solicitar unha reunión co Secretario Xeral para o Deporte e expor de maneira conxunta todo o calendario internacional que se celebrará en Galicia no 2023 e seguintes e tratar de conseguir patrocinio conxunto por unha organización global.

Acórdase solicitar entrevista á maior brevidade co fin de obter estimación de axuda na organización destas competicións antes de finais de decembro e, sexa posible incluíla nos próximos orzamentos, que se levarán a Asemblea Xeral sobre o 14 de xaneiro, xa que antes é imposible, por estar recién acabadas as eleccións, e non contar co dato de subvención da Secretaria Xeral, que esperemos confirmen pronto, xa que se enviaron os datos en tempo e forma, tal e como foi solitado.

### **4. Propostas composicion Comités.**

En próxima reunión estableceranse as formacións de cada un dos comités. Están avanzados o Comité de Competición, Técnico e Disciplinario.

Manifestase que xa está constituído o Comité de Arbitraje. Cos seguintes integrantes: Gabriel Fernández como presidente, Carlos Coira como Secretario, Iván Martínez, José Luis Iglesias, Manuel Martínez Baz, Brais Ramos, Leticia Seijido, Consuelo Domínguez, Alberte Zato, Fernando Rodríguez e Julio Rodríguez. Toma a palabra Gabriel Fernández e desenvolve os obxectivos aos que quere chegar o comité de árbitros de tenis de Galicia nos próximo catro anos.

Para o Comité de Competición, o presidente comenta que lle gustaría que Fernando Manzanero aceptase o cargo de presidente do comité, axudado por Omar Salgado e algúns outros membros mais de apoio. Marco Casal informa que estaría ben repasar toda a normativa sancionadora para unha vez voltos á normalidade sanitaria, pódanse aplicar correctamente os incumprimentos de regulamento. Canto mais obxectivo sexa mellor para este regulamento sexa fácil de aplicar aos membros do comité. Acórdase presentar en próxima reunión unha revisión da normativa en vigor para poder actualizala entre todos e levala posteriormente á Asemblea para a súa aprobación definitiva.



## FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

### 5. Rogos e preguntas

Gabriel Fernández solicita que se consulte coa Secretaria Xeral a negativa este ano de outorgar a consideración de DGAN a Manuel Franco e, se hai unha comisión na designación, facer o posible para facerlle chegar un informe sobre o esforzo e o traballo que realiza como xuíz de cadeira silver.

Acórdase consultar en principio con Mónica Carballo, para que nos informe da situación e segundo a súa resposta facer as xestións oportunas.

Sen mais temas que tratar, dáse por finalizada a sesión sendo as 22:30horas, da que se levanta a presente acta, que asino como secretario co visto e prace do presidente.

O secretario

Diego Casas Rodríguez

Vº e Prace

O presidente

D. Xosé Mosquera Casero